



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conservatorio Profesional de Música
Praza do Conservatorio, s/n 15011 A CORUÑA
Telf. 981 276 800 - Fax 981 276 767
cmus.profesional.corunha@edu.xunta.es
centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha



PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE

FAGOT

CURSO 2011-2012

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSEÑANZAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA	pág. 4
2. GRAO ELEMENTAL	
Obxectivos xerais	pág. 9
1º curso	pág. 9
2º curso	pág. 16
3º curso	pág. 22
4º curso	pág. 28
3. GRAO PROFESIONAL	
Obxectivos xerais	pág. 35
1º curso	pág. 36
2º curso	pág. 43
3º curso	pág. 50
4º curso	pág. 57
5º curso	pág. 64
6º curso	pág. 71
3. ATENIÓN Á DIVERSIDADE	pág. 78
4. A CLASE COLECTIVA	pág. 79
5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DA ENSEÑANZA	pág. 80
6. PROCEDIMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	pág. 81
7. DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DAS PROGRAMACIÓNS	pág. 82
8. PRBAS DE ACCESO	pág. 83
9. EXAME PARA PREMIO FIN DE GRAO PROFESIONAL	pág. 91

1.- INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS ELEMENTÁIS E PROFESIONÁIS DE MÚSICA.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvovan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

Entende-se por currículo o conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos de avaliación de cada un dos niveis, etapas, ciclos graos e modalidades nos que se organiza a práctica docente. A súa función será portanto o de explicitar as intencións educativas de quen o establece e servir de guía para orientar a práctica pedagóxica.

Neste proxecto curricular vaise expor ditos obxectivos, contidos así como o material didáctico, os criterios de avaliación e o planteamento das clases neste grao elemental e profesional tendo en conta a nova lei de educación "LOE" a cal ten entre outras novidades a implantación dos exames de setembro para aqueles alumnos que non superaron os obxectivos propostos durante o curso. Nestes exames os alumnos tocarán diante do profesor 5 estudos e tres obras das programadas durante o curso, aplicándose os criterios de avaliación de dito curso.

A maioría dos alumnos que comezan a súa formación musical, o fai a idades moi cedo, o que provoca a necesidade de seguir unha didáctica do instrumento adaptandoa ás súas posibilidades.

Pero ademais o fagot ten unha problemática engadida á propia dificultade do instrumento que é o seu elevado prezo, co cual é necesario unha implicación directa dos pais tanto na educación como no investimento que realicen polo que durante o primeiro ano e xa que o centro dispón dun fagot e un fagotiño non será necesario a merca do instrumento aínda que e aconsellábel, sendo obrigatorio durante o segundo curso (os alumnos deberán ir practicar ao conservatorio durante o 1º curso de grao elemental).

Grao elemental

O artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Os catro cursos que compoñen este grao elemental configuran unha etapa de suma importancia para o desenvolvemento do futuro instrumentista, xa que ao longo deste período han de ficar asentadas as bases dunha técnica correcta e, o que é aínda máis importante, duns conceptos musicais que cristalicen, mediando o tempo necesario para a madurazón de todo iso.

Grao Profesional

O grao profesional ten como finalidade proporcionarle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e

ordénase en cuatro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

DIAGNÓSTICO PREVIO DO ALUMNO

Con este diagnóstico preténdese coñecer, tanto como se poida as condicións do alumno, é dicir, idade, nivel de desenvolvemento persoal, intereses, aptitudes e actitudees musicais así como o nivel de coñecementos previos. Aínda que a LOE establece que o nivel de coñecementos cos que parte o alumno son de cero, sen embargo nos podemos atopar con algun que os teña.

Estes datos recollemo-los nunha primeira avaliación inicial e iránse precisando a medida que transcorra o curso. Nos cursos posteriores este diagnóstico, realizará-se de novo ao inicio dos mesmos posto que no período de vacacións o profesor non pode realizar un control directo do traballo do alumno.

PLANIFICACIÓN DAS CLASES

A LOE establece en todos os cursos do grao elemental os seguintes tempos lectivos, para a especialidade instrumental:

Clase individual 60 minutos semanais

Clase Colectiva 1 hora semanal

Nas clases individuais traballariase de forma individual con cada alumno a técnica e tentarase solucionar todos os problemas que lle podan xurdir ao alumno relacionados co instrumento.

Nas clases colectivas traballaríase o ritmo, a respiración, a afinación e o son, así como a coordinación (tocando dúos , tríos etc...). Ao ser dito traballo en grupo resúltalles máis atractivo e motivador aos alumnos. Preténdese contribuir ao desenvolvemento das capacidades de socialización dos alumnos, tamén a acordar o interese cara un repertorio máis amplo que o que lle brinda o estudo do seu propio instrumento e servir para unha participación ulterior en agrupacións orquestrais e camerísticas.

Ao principio de curso as clases centraríanse máis na parte técnica e a medida que avance o mesmo, cando se perfeccionen e atinxan a maioría dos obxectivos fixados se pasaría á execución das partituras, poñendo en práctica todos os coñecementos adquiridos (por suposto nos dous primeiros anos moi poucas partituras ou obras poden tocar, pero se que hai dúos, tríos moi sinxelos a base de notas longas).

2. GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL

- Relacionar os coñecementos adquiridos de lectura e escritura musicais coa práctica do instrumento na resolución das dificultades presentes nos obxectivos e contidos do nivel.
- Descubrir a necesidade da posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a colocación correcta do instrumento e a coordinación entre ambas mans.
- Facer posible a correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son mediante o control da respiración diafragmática e os músculos da embocadura.
- Desenvolver a precisión e os reflectidos para corrixir a afinación das notas e a calidade do son.
- Descubrir as características e posibilidades sonoras do instrumento para utilizalas, dentro das esixencias do nivel.
- Exercitarse no perfeccionamento da calidade sonora e da correcta afinación, mediante o control da columna de aire e da educación do oído.
- Adquirir unha emisión estábel do son mediante a utilización do vibrato e os diferentes matices co fin de enriquecer a interpretación.
- Interpretar obras de acordo cos obxectivos propios de cada nivel para que o alumno vaia formando o seu propio repertorio.
- Montar e raspar as súas propias cañas.

PRIMEIRO CURSO

Obxectivos

- Coñecer o Fagot: como é, o son, as partes.
- Aprender a montá-lo e desmontá-lo.
- Coñecer o seu mantemento.
- Aprender a respirar.
- Colocar a embocadura.
- Emitir o son.
- Aprender a posición do corpo e mans.
- Aprender posicións de notas.
- Iniciar no ritmo.
- Iniciar o coñecemento da clave de Fá en 4ª.
- Iniciar na articulación.
- Tocar en público.

Contidos

- Práctica da montaxe, desmontaxe e limpeza do Fagot sen forzar nengunha das partes.
- Práctica da lectura en clave de fá 4º en cuarta linea.
- Práctica dentro das súas posibilidades da respiración diafragmática.
- Colocación da embocadura, o corpo e as mans mentres está tocando tanto de pé como sentado.

- Obtención dun bó son (sempre dentro das súas posibilidades).
- Práctica das notas naturais entre o Do grave e o Sol medio máis Si bemol e Fá sostido.
- Actitude no escenario (movemento, acenos, saúdos etc.).
- Práctica do ritmo.
- Práctica da escala de Do M , Sol M e Fa M (ámbito dunha oitava).
- Práctica de tocar dentro dun compás e mantendo o tempo.(Utilización do metrónomo).
- Diferenciación entre articulacións (picado e ligado).
- Práctica da emisión (utilización da lingua)
- Exercicios de respiración con e sen instrumento.
- Exercicios rítmicos tanto individuais como colectivos.
- Exercicios de lectura en clave de fá, propostos tanto polos alumnos como polo profesor.
- Exercicios de embocadura e emisión.

Recursos didácticos

- "Aprende tocando el Fagot" por Peter Wastall (Ed.Mudimúsica). Até a unidade 8.
- "Bravo basson" por I.Carroll
- "Easy book for basson" por G.Sheen

Metodoloxia

É moi importante que antes de nada o alumno coñeza como é un Fagot e a súa familia (fagotino e contrafagot), como soa, sobre todo se nunca, ou case nunca, o viron ou o escoitaron de preto. A consecución destes obxectivos se poden lograr mostrando o profesor o seu fagot e tocando diante deles, tamén se poden pór algunhas gravacións nas que este o Fagot como solista, con orquestra ou calquera outro tipo de agrupación para que o alumno vaia vendo as distintas posibilidades.

No que se refere á montaxe, desmontaxe e mantemento pódese dicir que a importancia destes obxectivos radica en que evitan que o instrumento se deteriore. Deben aprenderse as diferentes pezas ou partes do Fagot, cómo se montan e desmontan correctamente para evitar que ditas pezas e as chaves sexan forzadas. Cunha correcta limpeza evítase que se destraguen as zapatillas e ao mesmo tempo que se forme mofo no interior do tubo.

Para tocar calquera instrumento de vento unha das bases esenciais é a respiración. Antes de lle dar ou colocarle ao alumno o instrumento sería conveniente que éste asimile perfectamente a respiración, se non a técnica completa alomenos os principios desta, co fin de que poda pólos en práctica cando utilice o instrumento. Para iso tería que ir á clase sen el durante 3 ou 4 días, pode que menos, segundo a idade, o traballo e a súa predisposición. Durante eses días non se perderá o tempo máis ben o contrario, posto que o alumno impaciente

por utilizar o instrumento trabállanse os exercicios con máis interese e os realiza mellor sen ter distraída a súa atención por todo o que tería que pensar co instrumento nas mans. Hai que conseguir que faga exercicios para que vexa que partes do seu corpo se moven e sobre todo tentar que comprenda que todos podemos e de feito facemos dita respiración cando estamos relaxados ou dormimos (é inútil e mesmo unha perda de tempo empeñarnos en que nenos de 8, 9 ou 10 anos comprendan todo o proceso respiratorio). Cando se traballe pasaremos ao instrumento.

O primeiro, unha vez apaña o instrumento é comezar coa caña, que aprenda a respirar e emitir correctamente o son con ela (non lle damos todo o instrumento para evitar que se teña que preocupar das posicións dos dedos e da súa colocación), unha vez o aprenda pasamos engadirlle o resto das pezas do instrumento aprendendo a posición correcta do corpo tanto se toca de pé como sentado. Isto é máis importante que en principio semella, xa que unha posición incorrecta fai que aínda que non nos deamos conta se forcen partes do noso corpo que a longo prazo poden desembocar en desvíacións da columna vertebral e dores. A posición debe ser o máis natural posible, sendo aconsellábel que o alumno alterne o tocar de pé e sentado para ir acostumando os seus músculos.

O ritmo tamén é moi importante para un músico, por iso debemos facer que se acostume pouco a pouco desde o principio a ter e manter un ritmo interior, para iso tentaremos que os alumnos toquen sempre dentro dun compás aínda que só fagan notas longas.

A maioría dos obxectivos mencionados van estar presentes nos cursos posteriores, son obxectivos fundamentais que requiren un paulatino desenvolvemento e perfeccionamento por parte do alumno e unha constante vixilancia por parte do profesor.

Criterios de evaluación por trimestres

Primeiro trimestre

- Saber as partes do fagot e os instrumentos da familia.
- Saber montar e desmontar o instrumento.
- Diferenciar entre picado e ligado.
- Colocar o corpo, mans e embocadura correctamente (todo iso tendo por suposto en conta, o nivel no que se atopa).
- Realizar na medida das súas posibilidades a respiración diafragmática.
- Tocar nas audicións da especialidade.
- Ler un fragmento en clave de fá, el primeiro tetracordo de do en compases 2/4, 3/4 e 4/4 utilizando negras, brancas, redondas e corcheas.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.

Segundo trimestre

- Tocar escalas de Do M e Fa M picado y ligado.
- Colocar o corpo, mans e embocadura correctamente (todo iso tendo en conta, o nivel no que se atopa).
- Realizar na medida das súas posibilidades a respiración diafragmática.

- Tocar nas audicións da especialidad.
- Ler un fragmento en clave de fa no ámbito d'una oitava en compases 2/4 3/4 e 4/4 utilizando negras, brancas, redondas e corcheas.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.

Terceiro trimestre

- Tocar escalas de Fa M, Sol M e DoM.
- Colocar o corpo, mans e embocadura correctamente (todo iso tendo en conta, o nivel no que se atopa).
- Realizar na medida das súas posibilidades a respiración diafragmática.
- Tocar nas audicións da especialidade.
- Ler un fragmento en clave de fa no ámbito de dúas oitavas.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN (aplicables a tódolos cursos).

- Control sistemático por parte do profesor do traballo realizado.
- Presentación dos traballos e exercicios propostos.
- Realización de audicións trimestrais. Realización de controis para reforzar ou proceso avaliativo. Realizarán audicións internas ao final de cada trimestre agrupando os distintos alumnos por curso. Estarán presentes todos os profesores da materia coa finalidade de homoxeneizar criterios de avaliación e nivel educativo.

Para os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar teñen que facer un exame ante o profesor na última semana do curso no que presentará 5 estudos e tres obras de diferentes estilos co acompañamento de piano.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN (aplicables a tódolos cursos).

- Clases de reforzo no caso de dispoñibilidade do profesor e a aula.
- Práctica constante de exercicios non consolidados.
- Gravación por parte do alumno de obras e estudos para o seu posterior análise.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO (aplicables a tódolos cursos).

As probas extraordinarias de setembro serán para aqueles alumnos que non superaron os obxetivos propostos durante o curso. Nestas probas os alumnos tocarán diante do profesor 5 estudos e tres obras das programadas durante o curso co acompañamento de piano, aplicándose os criterios de avaliación de dito curso.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA (aplicables a tódolos cursos).

- Demostrar soltura na realización dos estudos e obras programadas.
- Demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación.

SEGUNDO CURSO

Obxectivos

- Manter a posición do corpo, mans e embocadura.
- Aumentar a capacidade respiratoria.
- Aprender as posicións das notas alteradas dos rexistos grave e media desde o Sib grave ate o Do agudo.
- Executar a escala cromática e escalas maiores e menores.
- Aprender a tocar distintas articulacións. (todos picadas, todos ligadas, dous picadas e dous ligadas, etc...).
- Aprender o staccato.
- Tocar en distintos compases.
- Perfeccionar a dicitación.
- Aprender dinámicas (diferenciar entre forte e piano).
- Tocar en público.
- Adquirir os hábitos de estudo correctos.

Contidos

- Mantemento mentres toca-se da posición do corpo.
- Mantemento da respiración cando toca e respirar tan só nos lugares indicados, así ira pouco a pouco aumentando a súa capacidade respiratoria e ademáis comezará a distinguir a estrutura da frase musical.

- Práctica de todas as notas tanto naturais como alteradas dos rexistos grave e media (notas tidas).
- Actitude no escenario (acenos, saúdos, movemento, etc.).
- Práctica das escalas maiores e menores (natural armónica e melódica) até unha alteración e diferentes articulacións, todas a rigor de compás e mantendo o ritmo. Negra=60 (articulacións picada, ligada, dous picadas dous ligadas, dous ligadas dous picadas, un picado dous ligadas un picado).
- Práctica do staccato.
- Práctica dos matices (compensación coa embocadura e o ar).

Recursos didácticos

- "Aprende tocando el Fagot" por Peter Wastall (Mundimúsica). Desde unidade 9 até unidade 20.
- Método para Fagot de Julius Weinszenborn. Até unidade 5.
- "Bravo basson" I.Barrett.

Criterios de Avaliación por trimestres

Primeiro trimestre

- Valorarase sobre todo a evolución por parte do alumno no son.
- Manter a posición do corpo, mans e embocadura.
- Tocar a escala cromática até dó media. Negra=60 diferentes articulacións.
- Tocar as escalas maiores e menores até unha alteración .Negra=60 e diferentes articulacións.

- Manter o tempo cando se execute un exercicio ou obra.
- Tocar nas audicións da especialidade.
- Diferenciar entre forte e piano.
- Utilizar o staccato cando se requera.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.

Segundo trimestre

- Valorarase sobre todo a evolución por parte do alumno no son.
- Manter a posición do corpo, mans e embocadura.
- Tocar a escala cromática até dó media. Negra=70 diferentes articulacións.
- Tocar as escalas maiores e menores até unha alteración .Negra=60 e diferentes articulacións.
- Manter o tempo cando se execute un exercicio ou obra.
- Tocar nas audicións da especialidade.
- Diferenciar entre forte e piano.
- Utilizar o staccato cando se requera.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.

Terceiro trimestre.

- Valorarase sobre todo a evolución por parte do alumno no son.
- Manter a posición do corpo, mans e embocadura.
- Tocar a escala cromática até dó media. Negra=60 diferentes articulacións.

- Tocar as escalas maiores e menores até unha alteración. Negra=60 e diferentes articulacións.
- Manter o tempo cando se execute un exercicio ou obra.
- Tocar na audición da especialidade.
- Diferenciar entre forte e piano.
- Utilizar o staccato cando se requera.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.

Metodoloxia

O profesor insistirá, como xa se mencionou anteriormente, cos obxectivos da respiración, posición do corpo e embocadura porque non están aínda suficientemente consolidados no alumno. Asimesmo é fundamental o esixirlle que respeite as vírgulas de respiración dos exercicios e leccións para que se esforce en aumentar a capacidade respiratoria (estas vírgulas respiratorias que hai en ditos exercicios e leccións están postas tendo en conta o nivel do alumno).

Outros obxectivos moi importantes que van a practicarse desde o principio e que van ir desenvolvéndose ao longo de todos os cursos van ser as escalas e os intervalos, por suposto a complexidade de ambos estará en función do curso no que se atope o alumno. A importancia das escalas estriba en que son a base de calquera obra, partitura ou exercicio e tamén da afinación e a axilidade dos dedos. A importancia dos intervalos está en que son o instrumento para conseguir pouco a pouco flexibilidade tanto na embocadura como na columna do ar e no son

(comezará con intervalos curtos e pouco a pouco ao longo dos cursos estes irán-se espaciando).

É moi importante tamén o esixirlle ao alumno desde un principio nitidez na dicitación, (que os dedos non lle esbaren nos buracos e que os pasos das notas sexan claros e limpos) porque así o rectificará, se non llo exiximos o normal é que lle pase inadvertido; co paso do tempo a rectificación será máis custosa.

Encanto ao ritmo, como aínda non ten o alumno moita soltura de dedos, máis que esixirle que toque a lección ou exercicio á velocidade que ven estipulada nas mesmas, o que se ten que conseguir é a as execute a velocidade dentro das súas posibilidades pero que o tempo se manteña ao longo de todo o exercicio ou lección (que non corra nas pasaxes fáciles e demore nas difíciles).

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN (aplicables a tódolos cursos).

- Control sistemático por parte do profesor do traballo realizado.
- Presentación dos traballos e exercicios propostos.
- Realización de audicións trimestrais.
- Realización de audicións trimestrais. Realización de controis para reforzar ou proceso avaliativo. Realizarán audicións internas ao final de cada trimestre agrupando os distintos alumnos por curso. Estarán presentes todos os profesores da materia coa finalidade de homoxeneizar criterios de avaliación e nivel educativo.

Para os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar teñen que facer un exame ante o profesor na última semana do curso no que presentará 5 estudos e tres obras de diferentes estilos co acompañamento de piano.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN (aplicables a tódolos cursos).

- Clases de reforzo no caso de dispoñibilidade do profesor e a aula.
- Práctica constante de exercicios non consolidados.
- Gravación por parte do alumno de obras e estudos para o seu posterior análise.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO (aplicables a tódolos cursos).

As probas extraordinarias de setembro serán para aqueles alumnos que non superaron os obxetivos propostos durante o curso. Nestas probas os alumnos tocarán diante do profesor 5 estudos e tres obras das programadas durante o curso co acompañamento de piano, aplicándose os criterios de avaliación de dito curso.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA (aplicables a tódolos cursos).

- Demostrar soltura na realización dos estudos e obras programadas.
- Demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación.

TERCEIRO CURSO

Obxectivos

- Manter a posición do corpo, mans e embocadura.
- Aumentar a capacidade respiratoria.
- Aprender o resto das posicións do rexisto agudo até o Mi.
- Executar a escala cromática e escalas maiores e menores hasta 2 alteraciones.
- Aprender intervalos e arpexios.
- Diferenciar o picado-ligado.
- Perfeccionar a dixitación.
- Comezar a reglaxe e montaxe das cañas.
- Tocar en público.
- Adquirir hábitos de estudo correctos.

Contidos

- Mantemento da posición correcta do corpo, mans e embocadura mentres toca.
- Práctica da respiración para aumentar a súa capacidade respiratoria e para que respeite na medida do posible as vírgulas de respiración que hai nas partituras.

- Execución de todas as notas dos tres rexistos até o Mi agudo e as escalas maiores e menores (naturais, armónicas e melódicas) até dúas alteracións con diferentes ritmos e articulacións.
- Execución dos intervalos de terceira e arpexios con diferentes ritmos e articulacións.
- Actitude no escenario (acenos, movementos, ollar, etc.).
- Perfeccionamento da dixitación.
- Diferenciación e execución correcta dentro das súas posibilidades do picado ligado.

Obxectivos Estéticos

Como o alumno non ten aínda suficiente soltura, máis que pretender que interprete un estilo concreto, neste curso se debe tentar que se acorde a súa musicalidade. Isto debe-se conseguir mediante a interpretación de pequenos fragmentos fáciles.

Recursos didácticos

- Exercicios de son e respiración.
 - Escala cromática até o Mi agudo.
 - Escalas diatónicas maiores e menores até dúas alteracións. As escalas menores natural, armónica e melódica. Diferentes ritmos e diferentes articulacións.
- Negra=92.

- Intervalos de terceras nas escalas anteriores e arpexios. Diferentes ritmos e diferentes articulacións. Negra=92.
- "Aprende tocando el Fagot" por Peter Wastall (Mundimúsica). Desde unidade 21 até unidade 24.
- Método de Julius Weinsserborn. Desde unidade 6 até unidade 15.
- "Bravo basson" L. Barrett.
- "March of the basson" Hawkins.
- "Gavotte" Hawkins.

METODOLOXIA

Vaise tentar que o alumno ademáis de coñecer todas as notas do rexisto agudo comece a igualar e equilibrar nos distintos rexistos a calidade do seu son, sobre todo do agudo que é o máis complicado. Os intervalos comenzaran a aumentar a súa distancia, estudarás de terceira, para que vaia pouco a pouco mellorando a súa flexibilidade, o estudo destes e das escalas debe ser constante.

Como xa coñece todas as notas o alumno pode comezar a practicar diferentes formas de articularlas e de as picar para que vaia adquirindo pouco a pouco ao longo dos cursos posteriores o seu dominio e así podelos utilizar cando sexan precisos nas distintas obras que executará, con iso se pretende sentar a base do picado.

Criterios de Avaliación por trimestres

Primeiro trimestre

- Posición correcta do corpo, mans e embocadura.
- Valorarase o progreso na sonoridade.
- Nivel de corrección na dixitación.
- Mantemento do tempo na execución dos exercicios e obras.
- Claridade e limpeza nas pasaxes.
- Nitidez nas articulacións e nos distintos picados, así como o grao de corrección na súa execución.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.
- Tocar nas audicións da especialidade.

Segundo trimestre

- Posición correcta do corpo, mans e embocadura.
- o progreso na sonoridade.
- Nivel de corrección na dixitación.
- Mantemento do tempo na execución dos exercicios e obras.
- Claridade e limpeza nas pasaxes.
- Nitidez nas articulacións e nos distintos picados, así como o grao de corrección na súa execución.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.
- Tocar na audición da especialidade.

Terceiro trimestre

- Posición correcta do corpo, mans e embocadura.
- Valorarase progreso na sonoridade.
- Nivel de corrección na dixitación.
- Mantemento do tempo na execución dos exercicios e obras.
- Claridade e limpeza nas pasaxes.
- Nitidez nas articulacións e nos distintos picados, así como o grao de corrección na súa execución.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.
- Tocar nas audicións da especialidade.

Tentará-se un progresivo perfeccionamento do alumno en todos os obxectivos dos cursos anteriores.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN (aplicables a tódolos cursos).

- Control sistemático por parte do profesor do traballo realizado.
- Presentación dos traballos e exercicios propostos.
- Realización de audicións trimestrais.
- Realización de audicións trimestrais. Realización de controis para reforzar ou proceso avaliativo. Realizarán audicións internas ao final de cada trimestre agrupando os distintos alumnos por curso. Estarán presentes todos os profesores da materia coa finalidade de homoxeneizar criterios de avaliación e nivel educativo.

Para os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar teñen que facer un exame ante o profesor na última semana do curso no que presentará 5 estudos e tres obras de diferentes estilos co acompañamento de piano.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN (aplicables a tódolos cursos).

- Clases de reforzo no caso de dispoñibilidade do profesor e a aula.
- Práctica constante de exercicios non consolidados.
- Gravación por parte do alumno de obras e estudos para o seu posterior análise.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO (aplicables a tódolos cursos).

As probas extraordinarias de setembro serán para aqueles alumnos que non superaron os obxetivos propostos durante o curso. Nestas probas os alumnos tocarán diante do profesor 5 estudos e tres obras das programadas durante o curso co acompañamento de piano, aplicándose os criterios de avaliación de dito curso.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA (aplicables a tódolos cursos).

- Demostrar soltura na realización dos estudos e obras programadas.
- Demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación.

CUARTO CURSO

Obxectivos

- Manter a posición do corpo, mans e embocadura.
- Aprender o resto das posicións do rexisto agudo ate o Sol agudo.
- Tocar a escaña cromática, çatoca e escalas maiores e menores ate 3 alteracions.
- Perfeccionar os intervalos e arpexios.
- Perfeccionar a dixitación.
- Aumentar a capacidade respiratoria.
- Perfeccionar a execución dos distintos picados.
- Perfeccionar a execución de matices. mf, pp, p, f, ff.
- Perfeccionar o raspado e montaxe das cañas.
- Continuar adquirindo hábitos de estudo.
- Tocar en público.
- Iniciar no vibrato.

Contidos

- Execución das escalas até tres alteracións maiores e as menores (naturais, armónicas e melódicas), con diferentes articulacións e diferentes ritmos. Negra=100.
- A velocidade na execución dos intervalos de terceras e arpexios.

- A dixitación dos pasos de notas conflictivas.
 - Execución da escala cromática até o Sol agudo. Negra=100.
 - Equilibrio na sonoridade dos tres rexistos na medida das súas posibilidades.
 - Actitude no escenario (movemento, acenos, ollar ao pianista, etc.).
 - Práctica da respiración respectando as vírgulas respiratorias se as hai.
- Comezase o alumno a decidir en que momento da lección ou da obra é máis conveniente.
- Execución e diferenciación correcta, pero dentro das súas posibilidades, de matices e reguladores con notas longas (por agora conformarémonos con que o alumno faga pequenas diferenciacións, co paso do tempo, pola práctica e o estudo do alumno conseguirá unha diferenciación clara dos distintos matices e conseguirá un maior efecto nos reguladores).
 - Práctica do vibrato. Negra=60.

Obxectivos Estéticos

- Iniciar no coñecemento das principais características interpretativas de distintos estilos.

Recursos didácticos

Exercicios

- Exercicios de son, emisión, vibrato e respiración.
- Escala cromática en tres oitavas, aplicando diferentes articulacións e ritmos.

- Escalas diatónicas maiores e menores até tres alteracións. As escalas menores , natural, armónica e melódica. Intervalos de terceira e arpejos.

Estudos

- Método Práctico para fagot de Julius Weissenborn. Del 16 al 25.
- Método para Fagot Krapam.

Obras

- "Rondel " ----- P. Houdy
- "Ballade du Gitan" ----- F. Aubin
- "Arioso e Humoresque"----- J. Weissenborn
- "Introduction and Hornpipe"----- F. Bains
- "Menuet of the Oxen"----- A. Hawkins
- "Fagotin"----- A. Ameller
- "Four Sketches" ----- G. Jacob
- "Gavotte for Bassoon" ----- A. Hawkins
- "March of the Bassoons" ----- A. Hawkins
- "The Happy Hunter" ----- Paine
- "Rusticana" -----C. Arrieu

Criterios de Avaliación por trimestres

Primeiro trimestre

- Valoraranse todo o son do alumno.

- Unha correcta dicitación.
- O equilibrio entre os rexistos.
- Tocar e realizar os exercicios, os estudos e obras programados.
- O grao de corrección na execución dos matices e reguladores dos exercicios, estudos e obras.
- Nitidez e limpeza nas articulacións e picados.
- Mantemento no tempo dos exercicios, estudos e as obras.
- Grao de perfección na execución global dos exercicios, estudos e obras.
- Velocidade da execución.
- Calidade da afinación.
- Tocar na audición da especialidade.
- Tocar as escalas até tres alteracións maiores e menores (naturais, armónicas e melódicas) con diferentes articulacións e diferentes ritmos. Negra=100.

Segundo trimestre

- Valoraranse todo o son do alumno.
- Unha correcta dicitación.
- O equilibrio entre os rexistos.
- Tocar e realizar os exercicios, os estudos e obras programados.
- O grao de corrección na execución dos matices e reguladores dos exercicios, estudos e obras.
- Nitidez e limpeza nas articulacións e picados.
- Mantemento no tempo dos exercicios, estudos e as obras.

- Grao de perfección na execución global dos exercicios , estudos e obras.
- Velocidade da execución.
- Calidade da afinación.
- Tocar nas audicións da especialidade.
- Tocar as escalas até tres alteracións maiores e menores (naturais, armónicas e melódicas) con diferentes articulacións e diferentes ritmos. Negra=100

Terceiro trimestre

- Valoraranse todo o son do alumno.
- Unha correcta dicitación.
- O equilibrio entre os rexistos.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.
- O grao de corrección na execución dos matices e reguladores dos exercicios, estudos e obras.
- Nitidez e limpeza nas articulacións e picados.
- Mantemento no tempo dos exercicios, estudos e as obras.
- Grao de perfección na execución global dos exercicios, estudos e obras.
- Velocidade da execución.
- Calidade da afinación.
- Tocar nas audicións da especialidade.
- Tocar as escalas até tres alteracións maiores e menores (naturais, armónicas e melódicas) con diferentes articulacións e diferentes ritmos. Negra=100

Comentario

Este curso é o último do grao elemental. Se caracteriza por estar destinado principalmente ao perfeccionamento de todos os obxectivos dos cursos anteriores.

Asimesmo comezará a executar pequenas cadencias que lle permitirán desenvolver dentro dos exercicios e estudos a súa liberdade interpretativa procurando en todo momento que se manteña nas mesmas o carácter e sentido do resto do exercicio ou estudo.

En relación aos obxectivos dos cursos anteriores, non é necesario repetir o dito anteriormente, simplemente dicir que os, matices e reguladores como o curso anterior se estivo a practicar por separado agora se comezará a executar, se dentro das súas posibilidades, nos exercicios, estudos e obras.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN (aplicables a tódolos cursos).

- Control sistemático por parte do profesor do traballo realizado.
- Presentación dos traballos e exercicios propostos.
- Realización de audicións trimestrais.
- Realización de audicións trimestrais. Realización de controis para reforzar ou proceso avaliativo. Realizarán audicións internas ao final de cada trimestre agrupando os distintos alumnos por curso. Estarán presentes todos os profesores da materia coa finalidade de homoxeneizar criterios de avaliación e nivel educativo.

Para os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar teñen que facer un exame ante o profesor na última semana do curso no que presentará 5 estudos e tres obras de diferentes estilos co acompañamento de piano.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN (aplicables a tódolos cursos).

- Clases de reforzo no caso de dispoñibilidade do profesor e a aula.
- Práctica constante de exercicios non consolidados.
- Gravación por parte do alumno de obras e estudos para o seu posterior análise.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO (aplicables a tódolos cursos).

As probas extraordinarias de setembro serán para aqueles alumnos que non superaron os obxetivos propostos durante o curso. Nestas probas os alumnos tocarán diante do profesor 5 estudos e tres obras das programadas durante o curso co acompañamento de piano, aplicándose os criterios de avaliación de dito curso.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA (aplicables a tódolos cursos).

- Demostrar soltura na realización dos estudos e obras programadas.
- Demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación.

GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL

- Adquirir a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora e a afinación.
- Interpretar obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel para construír o repertorio correspondiente.
- Adquirir autonomía progresivamente para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo.
- Adquirir coñecemento das diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- Desenvolvemento en profundidade da velocidade e de toda a gama de articulacións posibles.
- Profundar no estudo do vibrato de acordo coas esixencias interpretativas dos diferentes estilos.
- Obter o equilibrio e igualdade de sonoridade entre os diferentes rexistos.
- Practicar a montaxe das cañas.
- Practicar a música de conxunto integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando funcións de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

PRIMEIRO CURSO

Obxectivos

- Estudar e mellorar a sonoridade no rexisto agudo.
- Afianzar as escalas maiores e menores aprendidas.
- Executar novos intervalos e Perfeccionar os anteriores e os arpexios.
- Perfeccionar o simple golpe de lingua.
- Perfeccionar a dicitación.
- Coñecer a clave de Dó en 4ª línea.
- Executar trinos, semitrinos.
- Perfeccionar os matices e reguladores.
- Practicar o vibrato.
- Practicar a lectura a primeira vista.
- Desenvolver a capacidade de memorización.
- Perfeccionar a raspado e montaxe das cañas.
- Tocar en público.
- Adquirir hábitos de estudo.

Contidos

- Práctica das escalas maiores, menores natural armónica e melódica até tres alteracións con diferentes ritmos e diferentes articulacións.
- Aplicación dun son amplo e claro no rexisto media, adquirindo maior axilidade mecánica no mesmo.

- A velocidade e perfección nos intervalos de terceiras, cuartas e arpexios, procurando unha correcta afinación dos mesmos.
- Obtención dunha maior claridade, lixereza e limpeza no picado simple.
- Perfeccionamento dentro das posibilidades do vibrato.
- Práctica da escala cromática até o La agudo.
- Consecución dunha maior igualdade e equilibrio na sonoridade dos distintos rexistos.
- Actitude no cenário (acenos, movemento, saúdos, ollar ao pianista, ou director, etc).
- Práctica dos trinos e semitrinos.
- Utilización de calquera articulación que apareza en calquera estudo, exercicio ou obra.
- Práctica dos matices e reguladores dos exercicios, estudos e obras.
- Práctica de lectura en clave de do en 4ª línea.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Elaboración e raspado de cañas.
- “Sonata en si bemol maior”----- J. Bezzozzi

Obxectivos Estéticos

- Ser capaz de interpretar (tendo en conta o nivel no que se atopa) obras de diferentes estilos e épocas distinguindo perfectamente as características estilísticas e interpretativas de cada época concreta e plasmandóas na súa interpretación no medida posible.

Recursos didácticos

Exercicios

- Exercicios de son, emisión, vibrato e respiración.
- Escala cromática até o La agudo en corcheas negra=80.
- Escalas maiores e menores até 2 alteracións.Diferentes ritmos e diferentes articulacións en corcheas negra=80.
- Lectura a primeira vista.

Estudos

- Método de Julius Weissenborn Opus.8 Vol.I del 1 al 10 y del 19 al 24.
- Método para Fagot de F. Oubradous vol 1.
- Metodo para Fagot Krapamm

Obras

- "Sonata en Dó Maior" ----- B. Marcello
- "Mach of Leprechauns" ----- F.Erickson
- "Sonatine" ----- J.Laburda
- "Album Classical" ----- Boosey & Hawkes
- "Sonata en Si bemol Mayor" ----- J. Besozzi
- "Capriccio" ----- J. Weissenborn
- "Arrolo" ----- Javier ces

Criterios de avaliación por trimestres

Primeiro trimestre

- Valorarase o son.
- A afinación.
- No picado simple valorarase sobre todo a igualdade nas articulacións da lingua e a súa velocidade.
- Unha correcta dicitación.
- O equilibrio de sonoridade entre os tres rexistos, sobre todo o agudo.
- Corrección na execución dos matices, reguladores e adornos nos exercicios, estudos e obras.
- Nitidez e limpeza nas articulacións e picados.
- A calidade do vibrato.
- Mantemento do tempo ao longo de todo o exercicio.
- Grao de perfección global na execución dos exercicios, estudos e obras.
- A velocidade de execución.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.
- Participar nas audicións da especialidade.
- Tocar as escalas maiores, menores natural armónica e melódica até 1 alteracións con diferentes ritmos e diferentes articulacións en corcheas negra=66.

Segundo trimestre

- o son.

- A afinación.
- No picado simple valorarase sobre todo a igualdade nas articulacións da lingua e a súa velocidade.
- Unha correcta dixitación.
- O equilibrio de sonoridade entre os tres rexistos, sobre todo o agudo.
- Corrección na execución dos matices, reguladores e adornos nos exercicios, estudos e obras.
- Nitidez e limpeza nas articulacións e picados.
- A calidade do vibrato.
- Mantemento do tempo ao longo de todo o exercicio.
- Grao de perfección global na execución dos exercicios, estudos e obras.
- A velocidade de execución.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.
- Participar nas audicións da especialidade.
- Tocar as escalas maiores, menores natural armónica e melódica até 2 alteracións con diferentes ritmos e diferentes articulacións en corcheas negra=72.

Terceiro trimestre

- Valorarase o son.
- A afinación.
- No picado simple valorarase sobre todo a igualdade nas articulacións da lingua e a súa velocidade.
- Unha correcta dixitación.

- O equilibrio de sonoridade entre os tres rexistos, sobre todo o agudo.
- Corrección na execución dos matices, reguladores e adornos nos exercicios, estudos e obras.
- Nitidez e limpeza nas articulacións e picados.
- A calidade do vibrato.
- Mantemento do tempo ao longo de todo o exercicio.
- Grao de perfección global na execución dos exercicios, estudos e obras.
- A velocidade de execución.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.
- Participar nas audicións da especialidade.
- Tocar as escalas maiores, menores natural armónica e melódica até 3 alteracións con diferentes ritmos e diferentes articulacións en corcheas negra=80.

Comentario

O alumno a estas alturas xa debe ter clara a respiración, a posición do corpo e mans e a embocadura, por iso a partir de agora estes obxectivos xa non os poremos na programación porque se entende que o alumno xa os coñece suficientemente, de todas formas o profesor continuará controlándos.

A partir de agora vaise exixir un constante perfeccionamento en todos os obxectivos.

Se continúa aumentando a distancia dos intervalos para continuar mellorando na flexibilidade do son, embocadura e columna do ar.

Cada vez vanse ir complicando máis os exercicios de articulacións e dos adornos para que o alumno vaia adquirindo maior destreza.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN (aplicables a tódolos cursos).

- Control sistemático por parte do profesor do traballo realizado.
- Presentación dos traballos e exercicios propostos.
- Realización de audicións trimestrais.
- Realización de controis para reforzar ou proceso avaliativo. Realizarán audicións internas ao final de cada trimestre agrupando os distintos alumnos por curso. Estarán presentes todos os profesores da materia coa finalidade de homoxeneizar criterios de avaliación e nivel educativo.

Para os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia sen xustificar teñen que facer un exame ante o profesor na última semana do curso no que presentará 5 estudos e tres obras de diferentes estilos co acompañamento de piano.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN (aplicables a tódolos cursos).

- Clases de reforzo no caso de dispoñibilidade do profesor e a aula.
- Práctica constante de exercicios non consolidados.
- Gravación por parte do alumno de obras e estudos para o seu posterior análise.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO (aplicables a tódolos cursos).

As probas extraordinarias de setembro serán para aqueles alumnos que non superaron os obxetivos propostos durante o curso. Nestas probas os alumnos tocarán diante do profesor 5 estudos e tres obras das programadas durante o curso co acompañamento de piano, aplicándose os criterios de avaliación de dito curso.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA (aplicables a tódolos cursos).

- Demostrar soltura na realización dos estudos e obras programadas
- Capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación

SECUNDO CURSO

Obxectivos

- Perfeccionar a calidade do son no rexisto agudo.
- Tocar novas escalas diatónicas maiores e menores.
- Executar novos intervalos e arpexios. Perfeccionar os anteriores.
- Perfeccionar o picado simple.
- Perfeccionar a dixitación.
- Ler en clave de Dó en 4ª.
- Empregar posicións de trinos.
- Practicar e empregar o vibrato.

- Practicar a lectura a primeira vista.
- Desenvolver a capacidade de memorización.
- Combinar varias posicións para facilitar a execución.
- Facer matices e reguladores en notas longas con vibrato.
- Perfeccionar a raspado e montaxe das cañas.
- Tocar en público.

Contidos

- Perfeccionamento do son no rexisto agudo, consecución sexa amplo e non estridente.
- Práctica das escalas diatónicas maiores e menores até 4 alteracións en diferentes articulacións e ritmos e coidando o son e a afinación en corcheas negra=92.
- Velocidade nos intervalos de cuarta e aprender os de quinta coidando a afinación.
- A velocidade do simple picado.
- Aplicación reguladores e matices en notas longas con vibrato.
- Práctica, dependendo da obra ou estudo, do vibrato.
- Conseguir unha maior igualdade e equilibrio na sonoridade dos distintos rexistos.
- Aumentar a velocidade de execución.
- Utilización dos trinos.
- Aplicación de calquera articulación que apareza nos estudos e obras.

- Elaboración e raspado de cañas.
- “Sonata en fa menor” ----- Telemann

Obxectivos Estéticos

Ao igual que nos cursos anteriores o alumno a de ser capaz de interpretar obras de diferentes estilos aplicando en cada unha delas as características interpretativas e estilísticas da época á que pertencen .Por suposto cada vez vai -se-lle exixindo en grao de perfección máis elevado.

Recursos didácticos

Exercicios

- Exercicios de son e respiración.
- Exercicios de vibrato.
- Escala cromática até o La agudo, en diferentes articulacións.
- Escalas maiores e menores até 4 alteracións.
- Exercicios de lectura a primeira vista.

Estudos

- Método de Julius Weinszenborn op.8 vol.II ate nº 30
- Método para Fagot de F. Oubradous vol II ate 4 alteracións
- “The basson”. escalas diatónicas e cromáticas M.Allard

Obras

- "Sonata en sol Maior " ----- B. Marcello
- "March of Leprehauns " ----- F.Erickson
- "Sonatine" ----- J.Laburda
- "Minueto et Gavotte " ----- Pierre Lantier
- Album Classical ----- Boosey & Hawkes
- "Sonata en Se bemol Maior" ----- J. Besozzi
- "Capriccio" ----- J. Weissenborn

- "Sonata en fa menor"----- Teleman

Criterios de Avaliación por trimestres

Primeiro trimestre

- Valorarase o son.
- A afinación.
- O equilibrio entre os distintos rexistos.
- Nitidez e limpeza nos distintas articulacións.
- Mantemento do tempo dos exercicios, estudos e obras
- Grao de perfección na execución dos exercicios, estudos e obras.
- A velocidade de execución (canto máis cercana á indicada mellor).
- Calidade do vibrato.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.
